



Avenida do Mar, 134
Polígono Industrial A Gándara
15570 Narón, A Coruña

En Narón, día sábado, 12 de setembro de 2015

Estimados/as socios/as e simpatizantes:

Nos últimos tempos o número de fichas de remeiros cedidos a outros clubs para que puidesen participar na Liga Galega de Traiñeiras (LGT) foi en aumento ata chegar a este mesmo verán no que se acadou un número moi significativo de cesións.

Moitos de vos, xa sodes coñecedores dos éxitos alcanzados por algúns deles formando parte das tripulacións en clubs de primeira liña; feito do que se traduce chegar a unhas cotas moi altas de motivación e unha maior ambición por conseguir no seu club o que sentiron posible en outros.

A intención do Club de Remo Narón de mercar unha traiñeira é un segredo a voces e pola presente queremos dar formalidade ó proxecto deportivo do que se leva falado oficiosamente moito tempo atrás.

A motivación firme que nos leva a este punto no que nos atopamos resúmese no seguinte: ofrecer a posibilidade que de **os remeiros de Narón remen por Narón na LGT** e ofrecer ás categorías base un espello no que reflectirse para que queiran remar, eles tamén, con afán de superación persoal e mellora continua.

É compromiso e responsabilidade da directiva estar á altura das expectativas do noso capital humano, dos nosos remeiros; e facer canto estea ó alcance para incrementar os medios materiais que eles demandan.

Nesta dirección, os pasos que se levan dado son á solicitude de axuda por parte das administracións públicas e de patrocinios privados. Sendo os resultado á fecha de hoxe:

- **Concesión definitiva de subvención enmarcada dentro do programa FO104**, notificada mediante publicación o 5 de maio de 2015 no BOP da resolución RP.8919 para o expediente 2014990004480
- **Acordo de patrocinio deportivo coa empresa VALCARCE**, con estación de servizo na Av. Gonzalo Navarro 129, P.I Río do Pozo, Narón

Sen outro particular, recibide un atento saúdo

A Directiva do Club Remo Narón

680 218 161

remonaron@hotmail.com